



CIRCULAR 26-2025

XXXVI CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA DE MARCHA EN RUTA

Art.1).- A Federación Galega de Atletismo, coa colaboración do Concello de Pobra do Caramiñal, organiza o Campionato Xunta de Galicia de marcha en ruta, a celebrar o 9 de febreiro na Pobra do Caramiñal.

Art.2).- Poderán intervenir atletas con licenza en vigor pola FGA.

Art.3).- As inscricións realizaranse a través do sistema en liña da RFEA na páxina <https://atletismorfea.es/user/login-registro> ata o luns 3 de febreiro ás 20:00 horas.

- Serán válidas, na inscrición, as marcas realizadas nas tempadas 2024 e 2025.

Art.4).- Prazos de comunicación de baixas.

- Rematará ás 20:00 horas do mércores 5 de febreiro e serán remitidas a competicion@atletismo.gal

Art.5).- Os/as atletas deberán utilizar os dorsais outorgados pola organización, de forma visible en toda a súa superficie.

- Será responsabilidade dos/as atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a súa colocación.

Art.6).- Cámara de chamadas.

- Os/as participantes deberán acceder á Cámara de chamadas provistos dun documento de identificación oficial ou licenza federada en formato dixital con foto, e deberán saír á pista coa camiseta e o dorsal posto.
- Peche da cámara de chamadas → 10' antes da proba.

Art.7).- Distancias e horario.

APERTURA CÁMARA CHAMADAS	PECHE CÁMARA CHAMADAS	HORA DA PROBA	PROBA	CATEGORÍA	SEXO
10:25	10:35	10:45	2 km	Sub 12	H
10:42	10:52	11:02	2 km	Sub 12	M
11:00	11:10	11:20	1 km	Sub 10	H-M
11:10	11:20	11:30	3 km	Sub 14	H-M
11:40	11:50	12:00	5 km	Sub 16	H-M
12:25	12:35	12:45	10 km	Absoluta	H-M



Art.8).- Entrega de premios.

- Os/as tres primeiros/as atletas clasificados/as das categorías Sub 10, Sub 12, Sub 14, Sub 16, Sub 18, Sub 20, Sub 23, Absoluta e as diferentes categorías Máster recibirán unha medalla conmemorativa do Campionato, sendo de obrigado cumprimento acudir ao protocolo de entrega de premios.
- Realizaranse as entregas na primeira das seguintes horas na que sexa posible, segundo teñan finalizado as probas:

11:30	12:15	13:00	14:00
--------------	--------------	--------------	--------------

Art.9).- A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Establécense as seguintes recargas e penalizacións:

- As solicitudes de inscrición fora de prazo deberán ser enviadas a direcciontecnica@atletismo.gal para a súa valoración. No caso de ser admitidas, levarán asociadas unha recarga de 10€ por atleta.
- Calquera baixa nas 48 horas previas ao inicio da competición ou a non participación final, levará asociada o cobro da cota de inscrición xunto cunha sanción de 5€ por proba, salvo causa xustificada e acreditada por escrito á FGA a través do correo competicion@atletismo.gal antes de superadas as 48 horas dende o inicio da competición.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA: 6 € por atleta con datos falsos.

Art.10).- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e World Athletics.

A Coruña, a 20 de xaneiro de 2025

Yolanda González Fernández
Secretaria Xeral da Federación Galega de Atletismo